

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DAS PISCINAS MUNICIPAIS CUBERTA CLIMATIZADA E DESCUBERTA, E LIGA DE FÚTBOL SALA.

Artigo 1.º .-FUNDAMENTO E NATURALEZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril; e artigos 20 e 57 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais; e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 de dito texto legal; acórdase a imposición e ordenacións da taxa pola prestación do servizo das piscinas municipais climatizada e descuberta.

Artigo 2.º .-FEITO IMPOÑIBLE

Constitúen o feito imponible desta taxa:

1.- A prestación do servizo da piscina climatizada municipal, mediante a súa utilización por particulares e entidades, con motivo da ocupación do tempo libre e a realización de actividades deportivas, durante toda a tempada a excepción do mes de agosto, cúa instalación permanecerá pechada, segundo o seguinte horario:

* Laborais:

Mañá: 9.00 a 14.00 h.

Tarde: 16.00 a 23.00 h.

* Sábados:

Mañá: 9.30 a 14.00 h.

Tarde: 16.00 a 20.00 h.

* Domingos e festivos:

Mañá: 10.00 a 14.00 h.

Tarde: pechado

2.- A prestación do servizo da piscina municipal descuberta, mediante a súa utilización por particulares e entidades, con motivo da ocupación do tempo libre e a realización de actividades deportivas, dende o 10 de xuño ata o 20 de setembro, segundo o seguinte horario:

* De luns a domingo : de 11:00 a 20:00.

3.- A participación nos partidos de fútbol celebrados con motivo da participación na liga de fútbol sala local.

Artigo 3.º .-SUXEITOS PASIVOS

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas que soliciten ou resulten beneficiadas polos servizos ou actividades realizadas nas piscinas municipais climatizada e descuberta; así como os solicitantes para a participación na liga de fútbol sala.

Artigo 4.º .-RESPONSABLES

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

Artigo 5.º .-COTA TRIBUTARIA

Epígrafe 1º).- Piscina municipal climatizada, a cota tributaria será a resultante de aplicar as seguintes tarifas:

A. Cotas de abonados e entradas puntuais

Cuota de inscrición: 12,00 euros.

Cantidade que se fará efectiva ó formalizarse a inscrición, de carácter irrecuperable e será dende a data da formalización da inscrición ata a data na que o abonado cause baixa.

II) Abono individual: 19,00 euros.

III) Abono familiar:

Titular: 19,00 euros.

Cónxuxe: 3,70 euros.

Cada fillo menor de 18 anos: 3,70 euros.

A partir de 2 fillos:

- menores de 18 anos: cota de 30,10 euros.

- menores de 6 anos: gratuito

IV) Terceira idade:

Individual: 16,00 euros.

Familiar (titular máis cónxuxe): 19,00 euros.

Persoas maiores de 60 anos.

V) Abonado xoven; persons de 16 a 21 anos: 16,00 euros.

VI) Abonado matinal; persoas que irían á piscina en horario de mañá: 16,00 euros.

VII) Entrada puntual piscina (con dereito a utilizar a piscina, ximnasio e sauna. Un día en horario de mañá ou tarde, a escoller):

En xeral: 3 euros.

Menores de 18 anos e maiores de 60: 2 euros.

Durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro a entrada puntual será de 4 euros para tódolos públicos.

B. Cotas de servizos:

I) Sesión de solárium: 3,50 euros.

II) Bono de 10 sesións de solárium: 30 euros.

C. Cotas de actividades:

Área de natación:

Actividad	Abonado	Non abonado
Natación de adultos. Iniciación	9,50	19,00
Natación adultos. Perfeccionamento	9,50	19,00
Natación nenos. Iniciación	9,50	19,00
Natación nenos. Perfeccionamiento	9,50	19,00
Actividades acuáticas para bebés	6,50	13,00
Actividades 3.ª idade	9,50	19,00

Todas estas actividades son de dos días semanales e de duración de 1 hora por día.

Área de saúde:

Actividad	Abonado	No abonado
Natación terapéutica	12,50	25,00
Natación pre e post-parto	12,50	25,00
Auguas salud	12,50	25,00
Auguas fitness	12,50	25,00
Outros	12,50	25,00

Todas estas actividades son de 3 días semanales e de duración de 1 hora por día.

Outras actividades:

Actividade: abonado

Aeróbic: gratuíta

Mantemento ou acondicionamento: gratuíta

Outros: gratuíta

Actividades para centros educativos;

Actividade: precio por persona/mes

Natación. Iniciación: 6,50 euros

Natación. Perfeccionamiento: 6,0 euros

Estas actividades realizaranse un día por semana, dunha hora de duración en horario de mañá, acompañados dun profesor educativo, e sempre en grupos organizados.

Epígrafe 2º.- piscina descuberta, a cota tributaria será o resultado de aplicar as seguintes tarifas:

l) Non abonado: Por entrada diaria de cada persoa.

Ata 6 anos de idade e maiores de 65 anos: 0 euros.

Menores de 14 anos: 2 euros

Maiores de 14 anos: 3 euros

II) Bonos:

Menores de 14 anos:

Bono de 10 baños: 9,00 euros

Bono de 20 baños: 12,00 euros

Toda a tempada: 15,00 euros

Maiores de 14 anos:

Bono de 10 baños: 12,00 euros

Bono de 20 baños: 15,00 euros

Toda a tempada: 18,00 euros

III) Abono familiar:

Por toda a tempada: 20,00 euros.

Enténdese por abono familiar ó titular, cónxuxe e fillos menores de 18 anos.

IV) Abonados á piscina climatizada: gratuito

Epígrafe 3º.- Liga local de fútbol sala.

Cota pola actividade da Liga local de fútbol sala: 120 euros.

Esixírase a constitución dun aval por importe de 100 euros como garantía de presentación ós partidos para os cales se solicitou a súa participación. No caso de non presentarse retraeranselle do mesmo a cantidade de 30 euros por partido non presentado. A non presentación a máis de dous partidos traerá consigo a expulsión e a perda da totalidade da cantidade depositada en concepto de aval.

Artigo 6.º .-EXENCIONES

Estará exceptuada do pago desta taxa a utilización das piscinas con motivo das actividades organizadas por iniciativa do Concello, ou patrocinadas polo mesmo.

Artigo 7.º .-DEVENGO E INGRESO

Devengase a taxa e nace a obriga de contribuír, dende o momento en que se inicia a prestación do servizo.

Para o caso das piscinas municipais, as cotas no seu caso enténdese referidas a meses. O pago da taxa efectuarase no momento de entrar no recinto da piscina cando se trate de entradas puntuais e bonos.

O pago das cotas mensuais fixadas para abonados e das cotas de actividades tanto para abonados como para non abonados, farase sempre por anticipado ou a través do recibo domiciliado. Os recibos poranse ó cobro a partir do 15 de cada mes anticipado.

Artigo 8.º .-INFRACCIÓNS E SANCIONES

No relativo á calificación de infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que ás mesmas correspondan, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e disposicións concordantes.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da piscina municipal aprobada polo Pleno o día 30 de decembro de 2002 e publicada no BOP o día 31 de decembro de 2002.

Queda derogada a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo da piscina municipal descuberta e liga de fútbol sala local aprobada polo Pleno en sesión celebrada o día 27 de abril de 2004 e publicada no BOP o día 28 de xuño de 2004.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 30 de novembro, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.